

# II Ciclo de Saúde Mental

en Galicia



XUNTA  
DE GALICIA



FUNDACIÓN ARAGANEY  
— PUNTE DE CULTURAS —



FUNDACIÓN ARAGUANEY  
— PUENTE DE CULTURAS —

ORGANIZACIÓN: **Fundación Araguaey - Puente de Culturas**  
**Montero Ríos 25-27, Santiago de Compostela**  
**[www.fundacionaraguaey.org](http://www.fundacionaraguaey.org)**

COORDINACIÓN: **David Rodríguez Seoane**  
**[info@araguaey.com](mailto:info@araguaey.com)**  
**+34 670 45 69 98 | 981 55 96 12**

# II Ciclo de Saúde Mental

en Galicia



A Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, a Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental e a Fundación Araganey - Puente de Culturas poñen en marcha o II Ciclo de Conferencias sobre Saúde Mental en Galicia. Trátase dunha actividade que se desenvolverá ao longo de 2025 e na que se abordará, da man de **expertos en diferentes campos da medicina, a psicoloxía e outras ciencias sociais**, a problemática e incidencia das enfermidades mentais na poboación.

Seguindo a liña de traballo consolidada no 2023 coa realización do primeiro **Ciclo de Conferencias de Saúde Mental en Galicia**, esta nova proposta ten como obxectivo ofrecer ao público en xeral e aos profesionais sanitarios, sociais e da educación ferramentas de debate e elementos para abordar a situación da saúde mental desde o punto de vista doméstico, profesional e institucional.



**Il Ciclo  
de Saúde  
Mental**  
en Galicia

# II Ciclo de Saúde Mental

en Galicia



## CONFERENCIA

# REDES SOCIAIS, MOCIDADE E SAÚDE MENTAL

As redes sociais teñen un impacto cada vez maior na mocidade, tanto positivo como negativo. Por unha banda, son unha ferramenta poderosa para a conexión entre persoas, o acceso á información e a sensibilización sobre temas sociais e políticos. Plataformas como Instagram, Facebook, X (antes Twitter) e TikTok permiten á mocidade expresarse, compartir intereses, coñecer novas ideas e participar en debates construtivos. Estas redes tamén poden ser un espazo onde fomentar a creatividade e a colaboración, creando comunidades arredor de causas comúns ou intereses compartidos.

Non obstante, o uso excesivo e descontrolado destas plataformas pode ter consecuencias negativas. A presión por mostrar unha imaxe «perfecta», a constante comparación coas vidas dos demais e a exposición ás críticas poden afectar gravemente á saúde mental, xerando ansiedade e diminuíndo a autoestima entre as persoas máis novas. Segundo un informe de UNICEF, as rapazas menores de 21 anos senten maior presión por ter un físico determinado, un 73,5% cree que este tema lles afecta moito ou moitísimo, fronte ao 50,8% dos rapaces. Ademais, a dependencia das redes sociais pode interferir no

sono, nos hábitos de estudo e nas relacións persoais, xa que moitos mozos pasan máis tempo en liña que en interaccións directas co seu entorno. De feito, segundo un informe do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, o 44,6% dos mozos e mozas estudantes asegurou que o uso destas tecnoloxías quítalles tempo de estudo e baixa o seu rendemento académico. Non só iso, case o 21% deles considera que a interacción a través das redes sociais xera moitos máis prexuízos que beneficios.

O obxectivo desta actividade é sensibilizar sobre o uso responsable e crítico das redes sociais e ofrecer estratexias para que mozos e mozas aproveiten as vantaxes das novas tecnoloxías de maneira equilibrada e saudable, fomentando un desenvolvemento persoal e académico que non se vexa afectado pola presión e os riscos asociados ao seu uso.

**Datas:** 16 de xuño de 2025, 19:30h

**Lugar:** Salón Olivo do Hotel Araguaney en Santiago de Compostela.

# RELATORES



## Francisco Ferre

**Xefe de servizo de Psiquiatría do hospital Gregorio Marañón e creador do grupo AdCom, centro para prevención, tratamento e investigación en trastorno por xogo e outras adiccións comportamentais.**

O Dr. Francisco Ferre Navarrete é médico psiquiatra, doutor e profesor asociado, ademais de diplomado en xestión sanitaria. Actualmente é xefe de Psiquiatría de Adultos e co-director do Instituto de Psiquiatría e Saúde Mental do Hospital Gregorio Marañón, onde lidera programas pioneiros para colectivos vulnerables, como vítimas de violencia de xénero, persoas xordas ou con adiccións. Foi director dos servizos de saúde mental da Comunidade de Madrid e coordinador da Estratexia Nacional de Saúde Mental. Académicamente, destacou na investigación en psiquiatría de enlace, adiccións e saúde mental dixital. Ten recibido numerosos premios e recoñecementos pola súa traxectoria profesional e polos servizos innovadores que dirixe. Tamén é impulsor de proxectos de humanización e dixitalización da atención psiquiátrica en España.



## Julio Rodríguez

**Xenetista, psicólogo e divulgador científico en redes sociais.**

Julio Rodríguez é doutor en medicina molecular e xenética, biólogo, psicólogo e divulgador científico. Traballa no ámbito da xenética clínica, especialmente no diagnóstico xenético, e ten experiencia en investigación en xenética psiquiátrica. Tamén é mestre en educación e combina a ciencia coa divulgación accesible. Nos seus contidos aborda temas como a saúde mental, a psicoloxía e a xenética do comportamento. Destaca que ser científico é o seu modo de vida, unha forma de entender o mundo. A súa divulgación baséase en estudos rigorosos, non en opinións persoais, e busca sempre achegar a ciencia real á sociedade.

# II Ciclo de Saúde Mental

en Galicia



## MODERA



### Fernando Rodríguez

**Diplomado en Ciencias Empresariais pola Universidade da Coruña, é Técnico Especialista en Marketing e Posgraduado en Comunicación Empresarial.**

Fernando é Diplomado en Ciencias Empresariais pola Universidade da Coruña, Técnico Especialista en Marketing e Posgraduado en Comunicación Empresarial.

Na actualidade é director na axencia de publicidade Con C de Comunicación, profesor no Mestrado de Marketing Dixital da Universidade de Santiago de Compostela e director de BriefingGalego.com, portal de referencia do sector do márketing e a publicidade en Galicia. Tamén colabora coa Universidade Camilo José Cela de Madrid.

Impulsor do Pacto de Familias para atrasar a compra do teléfono móbil a menores, acordo que foi subscrito por 15 centros de toda España.

### Laura Vigo

**Psiquiatra infanto-xuvenil do CHUAC.**

A Dra. Laura María Vigo Santamariña é médica especialista en Psiquiatría de adultos e infanto-xuvenil, con ampla experiencia clínica e investigadora en España e no Reino Unido. Formouse en Santiago de Compostela e especializouse en Londres no prestixioso South London and Maudsley NHS Foundation Trust. Alí traballou en unidades especializadas en psicoses, autismo, TCA, neurodesenvolvemento e Tourette. Desenvolveu a súa carreira en centros do sistema público de saúde, combinando a atención clínica coa participación en ensaios clínicos sobre tratamentos para o autismo. Desde 2022 coordina a Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil da Área Sanitaria da Coruña e Cee. É tamén a psiquiatra responsable do Hospital de Día para adolescentes con trastornos graves. Liderou a posta en marcha deste dispositivo no ano 2024.

# II Ciclo de Saúde Mental

en Galicia



XUNTA  
DE GALICIA



FUNDACIÓN ARAGÜANEY  
— PUENTE DE CULTURAS —